

9. Operacións de fin de exercicio.

9.1. Os créditos que o último día do exercicio non estean afectados ao cumprimento de obrigas xa recoñecidas quedarán anulados de pleno dereito de conformidade co disposto no artigo 59.1º do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

9.2. Polo tanto, o último día do exercicio procederase á anulación, para todas e cada unha das aplicacións orzamentarias, dos saldos de compromisos e de autorizacións, así como ás retencións de crédito existentes.

9.3. Analogamente, na agrupación de exercicios posteriores anularanse os saldos de autorización e os de créditos retidos.

9.4. Todas estas anulacións realizaraas de oficio a Subdirección Xeral de Contabilidade.

10. Obrigas pendentes de propor o pagamento procedentes de exercicios anteriores.

Co obxecto de que á fin do exercicio queden regularizados os saldos de obrigas de exercicios pechados, a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma remitirá aos distintos centros xestores do orzamento de gastos a relación de acredores.

Os centros xestores xustificarán, antes do día 31 de xaneiro de 2006, aqueles saldos que se correspondan coa existencia dunha obriga real. En caso de que non quede acreditada a dita circunstancia, a Intervención Xeral procederá a dar de baixa en contas estes saldos.

11. Propostas de pagamento pendentes de realización.

A Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira revisará as propostas de pagamento pendentes con antigüidade igual ou superior a un ano, indicando á Intervención Xeral, antes do día 31 de xaneiro de 2006, aquelas cuxo pagamento non sexa procedente, ben por prescrición ben por calquera outra causa, para a súa anulación.

12. Relacións de debedores orzamentarios e de debedores e acredores extraorzamentarios.

As intervencións delegadas e as oficinas contables con competencias en materia de contabilidade de ingresos formarán relacións de debedores orzamentarios e de debedores e acredores extraorzamentarios, xustificativas dos saldos contables dependentes de ingreso ou pagamento respectivamente, debidamente conciliadas cos saldos contables.

Estas relacións remitiranse á Intervención Xeral, que adoptará as medidas necesarias para a depuración dos saldos contables afectados.

13. Apertura do exercicio 2006.

13.1. Unha vez pechado o exercicio de 2005, procederase ao traspaso ao de 2006 dos expedientes procedentes de exercicios anteriores de acordo coa seguinte orde de prelación:

a) Anualidades de 2006 e futuros, consecuencia de compromisos plurianuais contraídos en exercicios anteriores.

b) Compromisos, autorizacións e retencións de crédito correspondentes a expedientes de tramitación anticipada.

c) Expedientes que alcanzaran en 2005 a fase de compromiso, polo importe polo que non se recoñese a obriga.

13.2. Cando estes expedientes se correspondan con créditos desconcentrados, o centro xestor procederá á desconcentración do crédito necesario para a súa contabilización.

13.3. A Intervención Xeral contabilizará de oficio as operacións correspondentes aos puntos 13.1º a) e b). No caso de que non proceda a contabilización dalgún destes expedientes, o órgano xestor tramitará as correspondentes operacións de anulación.

13.4. Só cando estean realizadas as operacións do punto anterior, comezarán a tramitarse expedientes con imputación ao exercicio de 2006 nas aplicacións afectadas, e comenzarán, de ser o caso, polas correspondentes ao punto 13.1º c).

Disposición adicional

Primeira.-O conselleiro de Economía e Facenda poderá autorizar a excepción do cumprimento dos prazos establecidos nesta orde mediante resolución motivada e por petición do centro xestor afectado.

Segunda.-Autorízase a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma para ditar as instrucións necesarias para o cumprimento desta orde.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2005.

José Ramón Fernández Antonio
Conselleiro de Economía e Facenda

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

Orde do 23 de novembro de 2005 pola que se convoca o IV Premio Galicia Innovación Júnior.

A Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, dá resposta á necesidade de adecuar o noso sistema educativo a unha sociedade en acelerado proceso de modernización, con continuos cambios culturais, tecnolóxicos e produtivos, que camiña cara a un horizonte común para Europa.

O desenvolvemento científico e tecnolóxico é un dos factores de maior influencia na configuración do mundo contemporáneo. Nesta liña, a Consellería de Innovación e Industria, a través da Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación, está a impulsar actividades mediante as que se intenta divulgar e facilitar a comprensión do que significa este desenvolvemento.

Entre estas actuacións e dentro do Programa de Sensibilización Social do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento Tecnolóxico e Innovación, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 14 de marzo de 2002, a Consellería de Innovación, Industria e Comercio convocou e entregou por primeira vez no ano 2002 un premio orientado aos mozos galegos co fin de fomentar o espírito creativo e a súa capacidade innovadora.

En consecuencia co anteriormente exposto e co fin de continuar con esta actuación, esta consellería

DISPÓN:

Artigo 1º.-Obxecto.

Convócase a cuarta edición do Premio Galicia Innovación Júnior, para os mozos e mozas galegos de entre 12 e 18 anos de idade, en dúas categorías: de 12 a 15 anos e de 16 a 18 anos, ambos os dous incluídos. Este premio está destinado a estimular o espírito creativo e a capacidade innovadora, valorando especialmente a aplicación de coñecementos adquiridos polos participantes na súa vida académica. Serán criterios de selección, a maiores, a orixinalidade das propostas, a súa utilidade e as posibilidades reais de levalas á práctica.

Artigo 2º.-Dotación.

Haberá un primeiro premio por categoría, dotado cun ordenador portátil e unha cámara dixital (o gañador da categoría de 12 a 15 anos) e cun ordenador portátil e un reprodutor de música dixital con disco duro ou memoria flash (na categoría de 16 a 18 anos). Ademais, o primeiro premio de cada unha das categorías será obsequiado cun informe de patentabilidade da idea proposta, realizado pola Oficina Española de Patentes e Marcas, así como coa redacción da solicitude de patente e o pagamento da taxa de solicitude correspondente, se estivese interesado en solicitala.

O segundo premio por categoría estará dotado cun ordenador portátil. Así mesmo, concederanse seis accésit por categoría, dotados no primeiro caso (categoría de 12 a 15 anos) cunha cámara de fotografía dixital e na segunda categoría (de 16 a 18 anos) cun reprodutor de música dixital con disco duro ou memoria flash. Por outra parte, os departamentos dos centros educativos aos que pertencen os profesores que prestasen axuda aos gañadores dos dous primeiros premios recibirán 600 euros en material inventariable para o departamento do centro, sempre que se acredite que o alumno foi asistido polo equipo docente do centro na elaboración da súa proposta.

No caso de que algún dos traballos que se presente corresponda a un grupo de rapaces, en lugar dun traballo individual, concederase un único premio para todo o grupo. Os gastos relativos ás accións desta convocatoria, que ascenden a un máximo 14.200 euros, imputaranse ás aplicacións orzamentarias 10.02.432A.780.0 (4.600 euros para a adquisición dos 4 ordenadores portátiles e 8.400 euros para a compra das 7 cámaras dixitais e dos 7 reprodutores de música dixital con disco duro ou memoria flash) e 10.02.432A.740.0 (1.200 euros para a compra de material inventariable polos centros de ensino), dos orzamentos da Consellería de Innovación e Industria para o ano 2006.

Artigo 3º.-Requisitos.

Poderán participar nesta convocatoria todos os rapaces e rapazas galegos ou residentes en Galicia de idades comprendidas entre os 12 e os 18 anos. Serán admitidas tamén as solicitudes presentadas por alumnos matriculados no último curso de secundaria que teñan 19 anos no momento do peche da convocatoria, que só poderán participar se acreditan estar recibindo docencia nun centro da Comunidade Autónoma galega. Poderán presentarse traballos individuais ou en grupo. Admitiranse un máximo de dúas propostas por participante, individual ou en grupo.

Artigo 4º.-Presentación de solicitudes.

As solicitudes no modelo oficial PSS-06 que se publica como anexo á presente orde e que está a disposición dos interesados/as na internet no enderezo: <http://www.dxid.org> e <http://www.galiciainnovacion.com>, presentaranse, dirixidas ao director xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación, no rexistro xeral da Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación da Consellería de Innovación e Industria ou por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O procedemento que se xunta á convocatoria deste premio consta de dúas fases. Para participar na primeira delas, a de preselección, as solicitudes realizadas no modelo oficial anexo a esta convocatoria (no caso de grupos deberán designar a un representante que será quen cubra a instancia de solicitude) deberán ir, inescusablemente, xunto coa seguinte documentación:

-Declaración xurada de cumprimento dos requisitos estipulados no artigo 3º da presente convocatoria (segundo modelo que se xunta a esta orde). No caso dos grupos de rapaces, deberán presentar unha declaración xurada por cada membro do grupo. Unha vez seleccionado para o premio, o solicitante deberá achegar copia cotexada da partida de nacemento, do certificado de empadramento ou do libro de familia, co fin de acreditar o cumprimento dos ditos requisitos.

-Copia do documento nacional de identidade (DNI/NIF) do participante ou participantes (no caso de grupos deberán presentar fotocopia do DNI de cada un dos membros) e, se é o caso, do docente ou docentes que o asistisen na elaboración da proposta, ademais da certificación pertinente de que pertencen ao cadro de persoal do centro educativo no que imparten clases.

-Memoria en que proxecte e desenvolva unha idea que se traduza nun novo produto, nun novo servizo ou ben nunha maneira distinta e innovadora de producir algo xa existente (7 copias). Deberán describir o produto, servizo ou proceso, argumentando a quen vai dirixido, a súa utilidade e a maneira de levar a cabo o que se proxecta.

As propostas deberán redactarse en calquera das linguas oficiais da Comunidade Autónoma e para o caso da lingua galega deberán adaptarse ao disposto na lexislación vixente (disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, e Decreto 173/1982, do 17 de novembro).

O prazo de presentación de traballos para esta primeira fase remata o 31 de xaneiro de 2006. O xurado reunirse para facer unha preselección dos 8 mellores traballos por categoría, que serán sometidos a unha consulta ao Servizo Galego de Propiedade Industrial (Segapi) sobre a súa orixinalidade. Resolta esta consulta, iniciárase unha segunda fase coa publicación o 15 de marzo na páxina web (www.dxid.org e www.galiciainnovacion.com) dos 8 traballos preseleccionados por categoría.

A partir dese momento, os titulares dos traballos preseleccionados terán un mes de prazo (ata o 15 de abril) para presentar o desenvolvemento da idea exposta na primeira fase do concurso a través dun bosquexo, maqueta, plano e/ou debuxo. O xurado procederá entón á selección final dos gañadores, atendendo a un informe elaborado pola Oficina Española de Patentes e Marcas (OEPM) sobre a orixinalidade das invencións.

Artigo 5º.-Composición e funcións dos xurados,

1. Os traballos presentados e que se axusten á presente convocatoria serán examinados e avaliados por un xurado presidido polo director xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación ou persoa en quen delegue e do que formarán parte seis vogais:

-Un designado polo Servizo Galego de Propiedade Industrial (Segapi).

-Cinco designados pola Dirección Xeral de I + D + I dos cales:

-Catro serán profesores da área de ciencias e/ou tecnoloxía de ensino secundario.

-Actuará como secretario, con voz pero sen voto, un funcionario designado pola Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación da Consellería de Innovación e Industria

2. A decisión do xurado será inapelable.

Artigo 6º.-Retirada da documentación.

As persoas responsables dos traballos ou os seus representantes legais poderán retirar os traballos non premiados nas dependencias da Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación, no prazo de 60 días contados a partir da resolución do xurado correspondente.

Artigo 7º.-Entrega dos premios.

Os premios entregaranse en acto público que se anunciará oportunamente.

Artigo 8º

A Consellería de Innovación e Industria, a través da Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación, poderá, á súa libre elección, divulgar os proxectos premiados, sen que isto supoña cesión ou limitación ningunha nos dereitos de propiedade do autor sobre eles.

Artigo 9º

A convocatoria, as súas bases e todos os actos administrativos derivados dela poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecida na Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 10º

Para os efectos establecidos nos artigos 42.2º e 43.4º da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, o prazo máximo para resolver as solicitudes correspondentes será de 6 meses, contados desde a data de publicación desta convocatoria, ditándose resolución expresa con respecto á antedita liña de axudas.

Disposicións derradeiras

Primeira.-A participación na convocatoria supón a aceptación de todas as súas bases.

Segunda.-A presente convocatoria tramítase polo procedemento de gastos anticipados ao abeiro do establecido na orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada de gastos, tendo en conta as modificacións da orde da Consellería de Economía e Facenda do 27 de novembro de 2000 (DOG do 29 de novembro) e do 25 de outubro de 2001 (DOG do 29 de outubro) pola que se regula a tramitación anticipada de gastos, quedando condicionada a adxudicación definitiva á existencia de crédito adecuado e suficiente nas aplicacións orzamentarias citadas dos orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2006.

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2005.

Fernando Xabier Blanco Álvarez
Conselleiro de Innovación e Industria



XUNTA DE GALICIA
**CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
 E INDUSTRIA**
 Dirección Xeral de Investigación,
 Desenvolvemento e Innovación



GALICIA INNOVACIÓN

Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento
 e Innovación Tecnolóxica
 2002 - 2005

COFINANCIADAS POLO FSE
PROGRAMA DE SENSIBILIZACIÓN SOCIAL

ANO 2006

MODELO PSS-06

PROCEDEMENTO IV PREMIO GALICIA INNOVACIÓN-JÚNIOR	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO IN822B	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE (OU REPRESENTANTE DO GRUPO)

APELIDOS	NOME	DATA DE NACIMIENTO	NIF
ENDEREZO		LOCALIDADE	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX
CORREO ELECTRÓNICO			
CATEGORÍA ☐ De 12 a 15 anos ☐ De 16 a 18 anos			

TÍTULO DO TRABALLO

DATOS DO CENTRO

NOME DO CENTRO			
ENDEREZO			
LOCALIDADE	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

DATOS DO PROFESOR

NOME DO PROFESOR	DEPARTAMENTO
TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO

OBSERVACIÓNS

Á presente solicitude xuntaráselle os seguintes documentos:

- ☐ DECLARACIÓN XURADA DE CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS ESTIPULADOS NO ARTIGO 3º (SEGUNDO O MODELO QUE XUNTA A ESTA SOLICITUDE).
- ☐ COPIA DO DNI DO/S PARTICIPANTE/S E, SE É O CASO, DO DOCENTE OU DOCENTES QUE O ASISTISEN.
- ☐ MEMORIA NA QUE PROXECTE E DESENVOLVA UNHA IDEA QUE SE TRADUZA NUN NOVO PRODUTO, SERVIZO, OU BEN NUNHA MANEIRA DISTINTA E INNOVADORA DE PRODUCIR ALGO XA EXISTENTE (7 COPIAS).

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 23 de novembro de 2005 pola que se convoca o IV Premio Galicia Innovación Júnior.

SINATURA DO SOLICITANTE

, de de 200

Director xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación.

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO

REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

/ /

DATA DE EFECTOS

/ /

DATA DE SAÍDA

/ /

DECLARACIÓN XURADA DE CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS ESTIPULADOS NO ARTIGO 3º

Dña./D. _____

Candidato ao IV Premio Galicia Innovación Júnior, declara que nas datas que de seguido se relacionan cumpre os requisitos estipulados no artigo 3º:

☐ O ABAIXO ASINANTE É UN RAPAZ/A GALEGO/A OU RESIDENTE EN GALICIA DE IDADE COMPRENDIDA ENTRE OS 12 E OS 18 ANOS OU, TENDO 19 ANOS, ESTÁ MATRICULADO NO ÚLTIMO CURSO DE ENSINO SECUNDARIO NUN CENTRO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

Asdo. (o solicitante ou persoa que o represente): _____

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Orde do 15 de novembro de 2005 pola que se aproba o deslindamento do monte veciñal en man común Chandebrito, pertencente á comunidade do mesmo nome do concello de Nigrán (Pontevedra).

Examinado o expediente de deslindamento do monte veciñal en man común Chandebrito, pertencente á comunidade do mesmo nome do concello de Nigrán (Pontevedra) e tendo en conta os seguintes:

Antecedentes de feito.

Primeiro.-Que o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, en Resolución do 28 de xaneiro de 1983, declarou como tal o monte Chandebrito, asinando a súa pertenza á parroquia de Chandebrito do concello de Nigrán (Pontevedra).

Segundo.-No ano 2002 iniciáronse os estudos previos dirixidos a determinar os lindantes co monte.

Terceiro.-O 29 de abril de 2003, o director xeral de Montes e Industrias Forestais aprobou a realización do deslindamento do monte veciñal en man común de Chandebrito, e no BOP de Pontevedra nº 170, do 4 de setembro de 2003 anúnciase o inicio da primeira fase do deslindamento, fixándose o 30 de setembro de 2003 ás 10.00 horas para o comezo do apeo.

Con data do 4, 5 e 10 de setembro de 2003, notificáseles persoalmente aos lindantes dos que se teñen os domicilios, a máis dos lugares de costume e o 20 de setembro publícase anuncio co mesmo texto incluído no BOP, no *Faro de Vigo*.

Cuarto.-O apeo da primeira fase comeza o 30 de setembro de 2003 e conclúe o 16 de decembro de 2003. No BOP do 1 de marzo de 2004, ábrese o período de vista e reclamacións do apeo da primeira fase, poñendo á disposición dos interesados o plano e as actas do apeo e o 3 de marzo remítese o mesmo anuncio aos lindantes afectados.

Durante a primeira fase non foron presentadas reclamacións sobre as liñas fixadas polos piquetes 1 a

8, 15 a 102, 104 a 206, 206 a 1, 208 a 248, 249 a 357, 361 a 363, 373 a 397 e 397 a 207 polo que, como consecuencia, quedan como definitivas no deslindamento, de acordo co establecido no artigo 94 do Regulamento de montes.

As liñas reclamadas son as fixadas polos piquetes 8 a 13, 13 a 15, 102 a 104, 207 a 208, 248 a 249, 357 a 361 e 363 a 373, polo que pasan á segunda fase de acordo co establecido no artigo 95 do mesmo regulamento.

Quinto.-O 4 de xuño de 2004 publícase no DOG nº 107 o anuncio do edicto de deslindamento e fíxase como data de comezo do apeo o 13 de setembro de 2004, de acordo co establecido nos artigos 96 ao 124 do Regulamento de montes aprobado polo Decreto 485/1962, do 22 de febreiro, fanse as notificacións, con xustificante de recepción, a todos os propietarios lindantes dos que se teñen coñecemento, así mesmo colócanse edictos no concello e nos sitios de costume. O Gabinete Xurídico Territorial de Pontevedra fai a clasificación da documentación presentada e o enxeñeiro operador realiza a clasificación de predios e dereitos, sendo preciso que o xefe do Servizo de Montes e Industrias Forestais de Pontevedra fixera anotacións preventivas no predio Chan de Rapadouro e no monte veciñal en man común Montes de Vincio.

Sexto.-O apeo das liñas da segunda fase comeza o 13 de setembro de 2004 de acordo co indicado no edicto e conclúe o 10 do marzo de 2005. No DOG do 28 de xuño de 2005 e mediante anuncio, ábrese o período de vista e reclamacións do expediente, remíndose o dito anuncio aos concellos de Nigrán, Vigo e Gondomar e aos lindantes afectados para a súa máxima difusión.

Sétimo.-Recibíronse dúas reclamacións que foron informadas polo Gabinete Xurídico Territorial de Pontevedra e remitida co dito informe, á comunidade afectada para que manifestase a súa conformidade ou disconformidade con estas, respondendo o presidente da